




LATA
de
SAL
Gatos

LATA de SAL

Lata de Sal é unha editorial de álbum ilustrado especializada en dúas coleccións únicas: *Vintage* e *Gatos*. Para lectores de cero a cento e pico anos.

Garabato e Tinta

Texto e ilustracións de Ethan Long



FORMATO 20,3 × 25,4 cm

PÁXINAS 40

ISBN 978-84-942451-8-3 (galego)

ISBN 978-84-942451-7-6 (castelán)

ISBN 978-84-942451-9-0 (catalán)

PVP 16,90€ (IVE incluído)

INTERIORES Papel estucado semimate FSC de 170 g

ENCADERNADO Cartoné ao cromo plastificado mate en papel FSC de 150 g sobre cartón de 2,5 mm

TIPOGRAFÍA La Cartoonerie, Kid Typemarker e The Wall

PAPEL FSC procedente de fontes responsables

TRADUCCIÓN Rafa Salgueiro e Susana Collazo



ASÍ COMEZA



Sinopse

Garabato é un gato ao que lle gusta debuxar. Tinta é un rato ao que lle encanta pintar. Pero a ningún dos dous lle gustan as obras do outro... ou iso din. Non aceptan as críticas e pelexan porque ambos queren ser os mellores artistas do mundo. Finalmente decátanse de que xuntos, cada un co seu estilo, poden crear auténticas obras de arte.



O autor: Ethan Long

Ethan Long, autor e ilustrador estadounidense recoñecido e premiado internacionalmente, publicou setenta libros para nenos. Gañou, entre outros, o Theodor Seuss Geisel Award, concedido pola Asociación de Bibliotecas de EUA, e foi nominado nos premios Emmy de televisión por crear unha serie que se emitiu en Disney Channel. A

súa infancia serviulle de continua inspiración para crear historias, sen dúbida a súa gran paixón. Ademais, asegura que é un cociñeiro de primeira. Vive en Orlando coa súa muller e os seus tres fillos.

Por que quedas *enlatado* con este libro?

01.

Porque che pode axudar a descubrir o artista que levas dentro

02.

Porque aprendes sobre grandes pintores como Dalí, Picasso, Van Gogh ou Leonardo da Vinci

03.

Porque trata temas como a envexa, a autoestima, o respecto, as reaccións ante as críticas e a amizade

04.

Porque inclúe un póster xigante para decorar o teu cuarto



A **Colección Gatos** reúne por primeira vez os mellores libros ilustrados de gatos, unha especialidade única no mercado que deixará pegada. * * Libros de calquera parte do mundo con protagonistas enigmáticos, curiosos, independentes, elegantes... **Para miñar de emoción.**



www.latadesal.com
info@latadesal.com



Libros para as túas 7 vidas